

## ESTATUTOS

### CAPÍTULO I. DENOMINACIÓN, NATUREZA E FINS.

ART.-1º Constitúese no Concello de Monforte de Lemos unha asociación sen ánimo de lucro que se denomina: "ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON ALZHEIMER OUTRAS DEMENCIAS E ENFERMIDADES NEURODEXENERATIVAS DE MONFORTE", abreviadamente AFAMON, e que se rexerá pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación existente en materia de asociación que lle sexa aplicable, dentro do marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

ART.-2º Son **fins principais** da asociación:



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

- a) Prestar asistencia psicolóxica e social ós familiares dos afectados pola enfermidade de Alzhéimer, outras demencias ou enfermidades neurodexenerativas.
- b) Proporcionar información e asesoramento ós familiares e cuidadores das persoas enfermas en materia legal, social e de saúde.
- c) Instar ás Administracións Públicas e solicitar colaboración das entidades privadas para mellorar a atención sociosanitaria das persoas afectadas pola enfermidade de Alzhéimer outras demencias ou enfermidades neurodexenerativas.
- d) Promover accións para difundir nos medios de comunicación social e desenvolver actividades de sensibilización social respecto da problemática sociosanitaria das demencias e enfermidades neurodexenerativas.
- e) Elaborar e realizar programas de actividades que respondan ás demandas dos familiares e cuidadores para unha mellor atención integral as persoas enfermas e ós seus familiares.
- f) Estimular a investigación e estudos sobre a etioloxía e tratamentos das demencias e as enfermidades neurodexenerativas.
- g) Apertura e mantemento de centros de atención a persoas con Alzhéimer, outras demencias e enfermidades neurodexenerativas.
- h) Pertencer a federacións ou confederacións de asociación de ámbito rexional, nacional ou internacional, así como fundacións e outras organización, tanto gobernamentais coma non, que teñan os mesmos obxectivos ou fins que esta asociación.
- i) Promover os dereitos de igualdade de oportunidades.
- j) Desenvolver e dinamizar accións de envellecemento activo e saudable, prevención e detección precoz das demencias e enfermidades neurodexenerativas.
- k) Promover accións para atender ás familias cuidadoras de persoas cunha demencia ou enfermidade neurodexenerativa en todos os aspectos que estas enfermidades afectan: benestar social, sanidade, dependencia, discapacidade, maiores, muller, infancia, educación, exclusión social, xustiza, seguridade e todos aqueles que se detecten no desenvolvemento do seu traballo.

ART.-3º A Asociación ten carácter asistencial e benéfico, e propónse facer posible o obxectivo da mesma dentro da legalidade vixente.

A tal fin, a Asociación poderá organizar, previos requisitos legais que en cada caso sexan esixidos, todo tipo de actividades relacionadas cos fins da asociación e demais actividades afíns.

Así mesmo poderá organizar, previos requisitos legais que en cada caso sexan esixidos, sesións ou conferencias sobre temas de divulgación cultural, científicas, artística ou literaria; así como xuntanzas, recepcións, festas sociais ou actos de similar natureza.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

ART.-4º O domicilio principal da Asociación radicará na localidade de Monforte de Lemos na rúa Doutor Casares 35 - baixo, C.P.: 27400; teléfono: 982 41 09 29; correo electrónico: [afamonforte@hotmail.com](mailto:afamonforte@hotmail.com). A Asociación poderá dispoñer doutros locais dentro do seu ámbito territorial, cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria.

Os traslados ó domicilio social e os demais locais serán competencia da Xunta Directiva, debendo informar esta de tal decisión á Asemblea e as administracións públicas con competencia en materia de asociacións.

ART.-5º A asociación, en función dos seus fins, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da **Comunidade Autónoma de Galicia**. A Asociación terá duración indefinida e só se disolverá por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria ou por calquera das causas previstas na lexislación vixente.

ART.-6º A Xunta Directiva será obxecto competente para interpretar os preceptos contidos nestes Estatutos e cubrir as súas lagoas, sempre someténdose á normativa legal vixente en materia de asociacións.

Os presentes estatutos será cumpridos mediante os acordos que validamente adopten a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral dentro da súa respectiva competencia.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

## CAPÍTULO II

### DOS ÓRGANOS DIRECTIVOS E DA FORMA DA ADMINISTRACIÓN.

ART.-7º A dirección e administración da Asociación correrán a cargo da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.

ART.-8º A **Xunta Directiva** estará formada polo presidente da asociación, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e dous vocais.

ART.-9º Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación.

As persoas elixidas por estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

Requisito indispensable dos membros da Xunta Directiva é que teñan ou tivesen familiares afectados pola enfermidade de Alzheimer ou por outras demencias.

Os membros da Xunta directiva poderán cesar o seu cargo antes da expiración do seu mandato por:

- a) Dimisión, presentada á Xunta Directiva. Unha vez aceptada dita dimisión procederá nun prazo máximo de un mes, a nomear pola Xunta Directiva un substituto interino, ata que sexa elixido un novo membro pola primeira Asemblea Xeral que se celebre. Unha vez elixido pola Asemblea Xeral o substituto, o tempo de mandato destes será o que lle faltase por cumprir ó membro da Xunta Directiva que substitúe.
- b) Por enfermidade que lle incapacite para seguir no cargo. Para a súa substitución será de aplicación o indicado no apartado deste artigo.
- c) Por causar baixa como membro da asociación, ben a vontade propia ou por sanción. Para a súa substitución será de aplicación o indicado no apartado a) deste artigo.

Os cargos da Xunta Directiva Terán unha duración por un período de catro anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente. A xunta Directiva renovarase por metade. Na primeira quenlla serán renovados o presidente, tesoureiro e dous vocais. O primeiro mandato dos cargos da segunda quenlla durarán un ano máis.

ART.-10º É función da Xunta Directiva dirixir as actividades sociais e levar a cabo a xestión administrativa e económica da asociación executando os acordos da Asemblea Xeral, sometendo á aprobación desta o presuposto anual de ingresos e gastos e do estado de contas do ano anterior.

ART.-11º A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixi-las actividades asociativas.
- b) Leva-la xestión administrativa e económica da asociación.
- c) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- d) Convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral.
- e) Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VIGADOS

f) Designa-las comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.

g) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.

h) Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.

i) Propoñe-lo plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.

j) Resolve-los procedementos disciplinarios que se instrúan.

k) Aquelas que non veñan atribuídas expresamente á outro órgano da asociación.

ART.- 12º A Xunta Directiva será convocada polo presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría dos votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

ART.-13º Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte de ditas comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes; así mesmo para este fin poderase contar con profesionais ou asesores vinculados ou non a esta asociación.

ART.-14º O **presidente** da Xunta Directiva o será tamén da asociación e terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente a asociación ante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade en caso de empate.
- c) Propoñer o plan de actividades da asociación á Xunta Directiva e dirixir ás súas tarefas.
- d) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- e) Asina-las actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

O presidente estará asistido por un vicepresidente que os substituirá en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

ART.-15º O **secretario** recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro de socios e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade.

Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

ART.- 16º O **tesoureiro** dirixirá a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos, intervindo as operacións de orde económico; recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación e dará cumprimento das ordes de pago que expida o Presidente; formalizará o orzamento anual de ingresos e gastos, así como do estado de contas do ano anterior que deben ser presentados á Xunta Directiva, para que esta, á súa vez, os someta á aprobación da Asemblea Xeral.

ART.- 17º Os **vocais** terán as seguintes atribucións:

- a) Realizar programas e propostas na súa área de actuación
- b) Desempeñar os traballos que lles sexan encomendados pola Xunta Directiva.

ART.- 18º Cada un dos compoñentes da Xunta Directiva terá as obrigas propias do seu cargo, así como as que nazan das delegacións ou comisión que a propia Xunta lles encomende.

Incumbirá de maneira concreta ó secretario velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de asociacións, custodiando a documentación oficial da entidade e facendo que se cursen ó organismo público competente, comunicacións sobre a designación da Xunta Directiva, Celebración de Asemblea Xeral, formalización do estado de contas e aprobación dos presupostos anuais.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

ART.- 19º A **Asemblea Xeral**, integrada por todos os socios, é o órgano supremo da Asociación e reunirse sempre que o acorde a Xunta Directiva.

A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario tantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

ART.- 20º As convocatorias de Asembleas Xerais, serán ordinarias e extraordinarias, e serán feitas por escrito, expresando lugar, data e hora da convocatoria. As asembleas Xerais deberán ser convocadas con 15 días de antelación polo presidente da Xunta Directiva.

ART.- 21º Serán competencias da Asemblea xeral Ordinaria:

- a) Aprobalo plan de actividades
- b) Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
- c) Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.

d) Exame e aprobación das cotas.

ART.- 22º Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Modifica-los estatutos da Asociación.
- b) Elixir e cesa-los integrantes da Xunta Directiva.
- c) Aproba-la federación ou integración con outras asociacións.
- d) Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- e) Acorda-la disolución da asociación e designa-los liquidadores.
- f) Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
- g) Solicita-la declaración de utilidade pública da asociación.
- h) Aproba-lo regulamento de réxime interno da asociación.
- i) As que sendo de competencia de asemblea xeral ordinaria, por razón de urxencia ou necesidade, non poidan agarda-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
- j) Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

ART.-23º As Asembleas Xerais , tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioría dos socios, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados concurrentes.

Os acordos adoptaranse por maioría de voto, excepto cando se trate de modificar estes Estatutos ou disolver a asociación, en cuxo caso esixirase o voto favorable das 2/3 partes dos socios presentes ou representados.

ART.-24º Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as , incluso ós/ás non asistentes.

### CAPÍTULO III

#### DOS ASOCIADOS



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

ART.-25º Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas, que non teñan débedas pendentes coa asociación e que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 18 anos e con capacidade de obrar.
- b) Estar interesados dalgunha maneira nos fins da asociación.
- c) As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán para formar parte da asociación, o acordo expreso do seu órgano competente e as de natureza institucional, o acordo do seu órgano reitor.

ART.- 26º a Xunta Directiva poderá nomear membros de honra da asociación. Tales nomeamentos de honra deberán recaer en persoas físicas ou xurídicas que contraeran méritos relevantes coa asociación. Ditos membros estarán exentos de

pagamento de cotas, aínda que terán dereito a participar nas deliberacións dos órganos da administración e goberno da asociación, con voz pero sen voto.

ART.- 27º dentro da asociación poderán existirlas seguintes clases de asociados:

- a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscripción da acta fundacional.
- c) Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.

ART.-28º O ingreso na asociación será solicitado por escrito dirixido ó Presidente, quen dará conta á Xunta Directiva, que acordará da concorrencia das condicións establecidas no artigo 25º , accedendo ou denegando a admisión, sen ningún recurso contra o acordo.

A todos os efectos, non se adquire a condición de asociado en tanto non se satisfagan os dereitos ou cota de entrada na contía e forma que a Xunta Directiva con cada asociado.

ART.-29º A condición de asociado pérdese:

- a) Por vontade propia.
- b) Por falta de pago das cotas correspondentes a dous exercicios económicos.
- c) Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente ós intereses da asociación, previo expediente, con audiencia do interesado.
- d) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

ART.-30º Son dereitos dos asociados e asociadas:

- a) Tomar parte en cantas actividades sociais organice a asociación e nos órganos de goberno e representación, exerce-lo dereito de voto, así como de asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.
- b) Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c) Ser nomeado membro da Xunta Directiva na forma en que se establece nestes estatutos.
- d) Posuír un exemplar dos estatutos e ter coñecemento dos acordos dos acordos adoptados polos órganos directivos.
- e) Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias conta el e ser informado dos feitos que dean lugar a ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

*[Handwritten signatures in blue ink]*

- f) Recorrer á Xunta Directiva cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos que poida formular legalmente.

ART.- 31º Será obrigas dos asociados e asociadas:

- a) Acatar as prescricións contidas nestes estatutos e os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva da asociación.
- b) Cumprilas obrigas inherentes ó cargo que desempeñen e para o que foron elixidos.
- c) Abona-las cotas que se establezan.
- d) Ter unha boa conduta individual e cívica.

ART.- 32º Os membros da asociación poderán recibir as sancións a que se fagan acredores por incumprimento das súas obrigas. Estas sancións poderán comprender dende a perda dos seus dereitos durante un mes como mínimo ata a separación definitiva da asociación.

Non obstante, non poderá ser separado da mesma ningún asociado sen antes instruírse expediente sancionador, no que deberá ser escoitado.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

#### **CAPITULO IV DO RÉXIME ECONÓMICO**

Art.-33º A asociación carece de patrimonio no momento da súa constitución e o seu presuposto anual é indeterminado, ou, no seu caso, será o que se determine a principios de cada ano pola Asemblea Xeral.

ART.-34º Os recursos económicos para o desenvolvemento das actividades da asociación son os seguintes:

- a) As cotas periódicas dos/as asociados/as.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral
- c) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan en propiedade, así como as subvencións, legados e doazóns que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades lícitas da asociación.
- e) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

ART.- 35º As cotas serán abonadas á asociación no domicilio social ou entidade bancaria que teña a ben estimar a Xunta Directiva en cada momento.

A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atende-las necesidades da asociación.

ART.- 36º A data de peche do exercicio económico será a de 31 de decembro do ano natural, e as contas da asociación serán aprobadas anualmente pola Asemblea Xeral, polo que deberán ser postas previamente á disposición dos asociados durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da referida Asemblea Xeral.

ART.- 37º Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do presidente e do tesoureiro.

ART.- 38º Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola asociación.

**CAPÍTULO V**  
**MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

ART.-39º.- Os ditos estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

ART.- 40º.- A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

ART.- 41º.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a presidente e o/a tesoureiro/a, procederán para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

ART.- 42º.- O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

**Dilixencia do 13 de xullo de 2020.** María Jesús Lillo Montes en calidade de secretaria, fago constar que os presentes estatutos quedan redactados segundo as modificacións acordadas na Asemblea Xeral Extraordinaria do día 9 de xullo de 2020 nos seguintes artigos: artigo 4º (domicilio)

Vº Bº A PRESIDENTA



A SECRETARIA



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS  
ESTATUTOS VISADOS

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Quedan VISADOS e incorporados ó Rexistro Central desta  
Comunidade Autónoma, nº de Rexistro Asociación, 2019/23241-1º

Santiago de Compostela

30 XULL. 2020

O/A ENCARGADO/A DO REGISTRO



  
María Amadora Rodríguez Carreira